

Rafael López Navaza, Secretario en funcións do Concello de Vila de Cruces (Pontevedra).

CERTIFICADO:

Que a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 22 de decembro de 2020, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

F.O.D. 15º.- Expediente 962/2020. COMUNICACION PREVIA EN MATERIA URBANÍSTICA PARA OBRAS DE "INSTALACIÓN DUNHA TORRE METEOROLÓXICA DE CARÁCTER TEMPORAL PARA O ESTUDO DO RECURSO EÓLICO NO AMBITO DO PE CUNCA", PRESENTADA POR D. DAVID ALONSO GONZÁLEZ, EN REPRESENTACION DE GREEN CAPITAL POWER, V.SL.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta da solicitude entregada por Don David Alonso González con DNI. 78.995.466-B en representación da empresa Green Capital Power, S.L. con CIF. B-85954.475, para "**Instalación dunha torre meteorolóxica de carácter temporal para o estudo do recurso eólico no ámbito do PE Cunca**" (nº de rexistro de entrada 2020-E-RE-742 e data 3 de decembro de 2020).

Visto o Informe técnico nº 2020-0386, de data 18 de decembro de 2020, de carácter favorable, emitido pola Técnico Municipal de Urbanismo, D^a María José García Fidalgo, no que se especifica que as obras que se pretenden realizar non precisan de licenza municipal, e que a documentación presentada está completa, segundo o artigo 146.2 da LSG e 361.2 do RLSG,

Tendo en conta que, segundo a normativa aplicable:

- A presentación dunha comunicación previa, que cumpra os requisitos establecidos na regulación vixente, habilita para o realización das obras comunicadas, dende a data que se sinala expresamente pola persoa interesada na citada comunicación.
- A referida comunicación non constitúe unha autorización administrativa tácita, senón unicamente a transmisión da información correspondente a efectos do coñecemento municipal e de posibilitar a intervención mediante o control posterior, sen prexuízo das facultades de inspección ordinaria.



- A presentación dunha comunicación previa produce efectos entre o interesado e o Concello, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. En ningún caso altera as situacións xurídicas privadas entre aquela e as demais persoas.
- A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa, conleva, previa audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde a notificación da resolución pola que se declare a ineficacia da comunicación efectuada, sen prexuízo das sancións que procedese impor por tales feitos. A resolución administrativa do Concello de Vila de Cruces que constata as circunstancias anteriores comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante o período de tempo determinado de entre tres meses a un ano.

Vista a proposta de acordo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Declarar, de conformidade co Informe técnico núm. 2020-0386, de data 18 de decembro de 2020, emitido pola Técnico Municipal de Urbanismo, D^a María José García Fidalgo, que a documentación aportada por Don David Alonso González con DNI. 78.995.466-B en representación da empresa Green Capital Power, S.L. con CIF. B-85954.475, para “**Instalación dunha torre meteorolóxica de carácter temporal para o estudo do recurso eólico no ámbito do PE Cunca**” (nº de rexistro de entrada 2020-E-RE-742 e data 3 de decembro de 2020), está completa aos efectos do disposto nos artigos 146.2 da LSG e 361.2 do RLSG.

Segundo: Teranse en conta as seguintes limitacións:

- o Serán de aplicación o documento das Normas Subsidiarias de planeamento do termo municipal de Vila de Cruces e os seus proxectos modificados, a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- o Será de aplicación o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o



Plan Básico autonómico de Galicia.

- o Será de aplicación o RD 1627/1997 de 24 de Outubro, sobre condicións mínimas de Seguridade e Saúde en obras de construción.
- o A non afección ó dereito de propiedade nin a terceiros, servidumes ou calquera outro dereito.
- o Cumprimento do RD 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- o As obras a realizar axustaranse integramente ás recollidas na documentación incluída na comunicación previa realizada. Non se producirá cambio da configuración da cuberta nin o incremento do volume edificado así como a modificación de calquera elemento estrutural da mesma.
- o O prazo para o inicio das obras será nos quince días seguintes á presentación da comunicación previa entregada sempre que cumpra os requisitos esixidos segundo o artigo 146.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. Segundo o artigo 363.1 do RLSG o prazo para inicio das obras non poderá exceder de tres meses e dun ano para a súa finalización.

Terceiro: Requirit ao interesado para que comunique ao Concello o remate das actuacións, para que os técnicos competentes comprobem que as obras executadas se adecúan á comunicación presentada.

Cuarto: Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do mesmo ao Departamento Municipal de Urbanismo aos efectos da realización das preceptivas actuacións de comprobación e control posterior.

E para que así conste, expido a presente certificación, de orde e co visto bo do Sr. Alcalde, coa salvedade a que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492

